

# DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

R. Álvarez (2010): “As razóns da norma: *nós e nosoutros, nosoutras*”, *Estudos de Lingüística Galega* 2, 205-220.

---



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Noncommercial** — You may not use this work for commercial purposes.
- **No Derivative Works** — You may not alter, transform, or build upon this work.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

# As razóns da norma: *nós* e *nosoutros*, *nosoutras*

Rosario Álvarez

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela

rosario.alvarez@usc.es

Recibido o 02/03/2010. Aceptado o 30/03/2010

## Reasons behind a prescriptive rule: *nós* versus *nosoutros*, *nosoutras*

### Resumo

Pártese do ditame normativo que establece como estándares *nós* e *nosoutros/-as* (na P5 *vós* e *vosoutros/-as*), con diferenza de significado, co obxectivo de mostrar a apoiatura da norma. Analízase brevemente o tratamento destas formas na tradición gramatical galega anterior ás *Normas*, favorable á escolla entre ambas, sen distinción, e mais o seu uso na lingua escrita dos séculos XIX e XX. A análise detense, sobre todo, na descrición do seu estatus na lingua falada nas últimas décadas do século XX, tomando como base os datos de campo, o uso espontáneo en gravacións e as opinións dos falantes; desenvólvese en tres liñas fundamentais: a extensión e distribución territorial de *nós* e de *nosoutros/-as*, as posibles diferenzas de significado e o asunto da distinción de xénero. Conclúese sobre a adecuación desta norma aos criterios que guían a elaboración do estándar galego moderno.

### Palabras chave

Gramática dialectal, variación lingüística, estándar galego, norma lingüística, pronomes persoal, número pronominal, plural exclusivo, *nosoutros*, alteridade

### Sumario

1. A norma. 2. Antecedentes: *nós* e *nosoutros* nas descrições gramaticais. 3. A fortuna na lingua literaria. 4. O uso na lingua falada. 4.1. Dúas grandes áreas dialectais. 4.2. A cuestión da diferenza de significado. 4.3. A distinción de xénero. 5. Conclusión.

### Abstract

This paper looks at a prescriptive ruling which acknowledges both of the first-person-plural pronouns *nós* and *nosoutros/-as* (and likewise second-person-plural *vós* and *vosoutros/-as*) as standard Galician forms with differentiated meanings, and inquires into the source facts underpinning the decision. Their treatment in the pre-*Normas* Galician grammatical tradition and written usage in the 19th and 20th centuries are briefly reviewed; the former assumes no semantic distinction and leans towards opting for one or the other form as standard. The main part of the article which follows examines the pronouns' status in the spoken language in the late 20th century, based on field data, spontaneous usage in recordings and speakers' opinions. Three factors emerge as determining preference for either *nós* or *nosoutros/as*: geographical distribution, possible meaning distinctions and gender distinction. The paper concludes with a reflection on the appropriateness of the prescriptive rule of the standard language given its defining criteria.

### Keywords

Dialect grammar, language variation, standard Galician, linguistic norm, prescriptive rule, personal pronoun, number in pronouns, exclusive plural, *nosoutros*, 'other'

### Contents

1. The prescriptive rule. 2. Antecedents: *nós* and *nosoutros* in grammatical descriptions. 3. Course of the literary language. 4. Spoken usage. 4.1. Two major dialect areas. 4.2. Meaning distinctions. 4.3. The gender distinction. 5. Conclusion.

## 1. A NORMA

No lugar en que as *Normas* establecen cales son as formas pronominais tónicas de primeira e segunda persoas de plural recóllense *nós / nosoutros, -as* e *vós / vosoutros, -as*, en aparencia sinónimas, tanto baixo o rótulo “suxeito” coma baixo o de “formas oblicuas libres” (sen cambios desde a primeira edición: RAG/ILG 1982, renovadas en 2003). Con todo, máis adiante, no aparato explicativo ou xustificativo, que figura en corpo menor, aclárase que as formas simples (*nós, vós*) e as formas compostas (*nosoutros, -as* e *vosoutros, -as*) non son estritamente equivalentes:

Na primeira e segunda persoas de plural utilízanse como formas non marcadas, polo tanto válidas en todos os contextos, *nós* e *vós*. Ao lado delas existen tamén *nosoutros, nosoutras* e *vosoutros, vosoutras*, aínda que cun significado específico oposto ao das outras, que desde a orixe se mantén aínda en grandes zonas do territorio lingüístico galego. *Nosoutros* e *vosoutros* delimitan un grupo, establecido no contexto ou coñecido polo interlocutor, deixando fóra dese plural (“eu e mais estoutros”, “ti e mais esoutros”) todos os que non pertencen a el; *nós* e *vós*, en troques, non establecen ningunha delimitación con respecto aos demais (*imos repartir o traballo: vosoutros tallades o papel e vosoutros preparades o debuxo; nosoutras non pensamos coma el*). Esta diferenza tradicional nalgunhas zonas de Galicia eliminouse a favor dun dos dous pronomes concorrentes (*nós* e *vós* ou *nosoutros* e *vosoutros*). *Nós* e *vós* son demográfica e xeograficamente maioritarias, e por iso deben ser preferidas en caso de renunciar á distinción mencionada (RAG/ILG 2003: 89-90).

Non é o propósito desta nosa contribución cuestionar o texto normativo, senón apoialo ampliando a información sobre *nós* e *nosoutros*<sup>1</sup>, de xeito que se comprenda mellor o alcance e a motivación do ditame. A mesma necesidade da nota transcrita e, sobre todo, da explicación e ilustración da distinción de significado proposta como estándar abundan para mostrar que ese trazo non é do dominio de toda a comunidade galegofalante. De feito, non só se di explicitamente que hai territorios en que só se conta con *nós* ou con *nosoutros*, ao parecer complementarios daquel ou aqueles en que se dá a oposición *nós:nosoutros*, senón que se alude a un proceso de cambio diacrónico —conducente á eliminación dun dos membros da parella—, a pesar do cal ese significado diferenciado se mantén “aínda” en parte do territorio; na explicación, por forza sucinta, non se indica que na lingua falada se dan, ademais, outras situacións distintas das aí contempladas.

O noso obxectivo é presentar a información que subxace no ditame, en dúas liñas principais: mostrando o contexto en que se produce, cos antecedentes de *nós* e *nosoutros* nas gramáticas anteriores a 1980 e cunha breve achega ao uso na escrita, con atención especial ás primeiras décadas do proceso de constitución do estándar culto contemporáneo; e describindo o seu estatus no diastema, con datos obtidos de galegofalantes nas últimas décadas do século XX, para considerar tanto a distribución diatópica coma a vixencia na lingua espontánea e na lingua declarada polos falantes.

## 2. ANTECEDENTES: *NÓS* E *NOSOUTROS* NAS DESCRICIÓNES GRAMATICAIS

A presentación das dúas formas como unha variable é dominante na feble tradición gramatical previa á elaboración das *Normas*, con só dous casos de excepción: no primeiro dos textos considerados, Francisco Mirás, que redacta e publica a súa breve gramática en ambiente compostelán, só consigna *nosoutros* (1968: 14-15), aínda que nos textos que inclúe no cabo use tamén *nós*; no treito final do período considerado, para Carballo só *nós* representa o “galego común”, de xeito que as formas compostas son desprazadas a unha nota a rodapé (“Existen las

<sup>1</sup> Por razóns de brevidade, en adiante e sempre que non se advirta de forma específica, *nós* representa a *nós* e *vós*, e *nosoutros* a *nosoutros, nosoutras, vosoutros* e *vosoutros*. Cada unha delas representa, ademais, todas as variantes fónicas. Con todo, hai indicios e testemuños certos de que a vixencia de ambas as formas pode non ser igual na P4 ca na P5 (cf., p. ex., *Suarna*: 143).

formas reforzadas *nosoutros, nosoutras*, de escaso uso literario", sen modificar desde a primeira á derradeira edición, 1966: 115-116 e 1979: 189).

A maior parte dos gramáticos non considera preciso introducir ningún comentario que oriente o uso e a escolla entre ambas as variantes, de onde podería deducirse que son equivalentes e que a opción entre unha e outra depende de motivacións e preferencias particulares. Algúns aluden a unha equivalencia presente ("hoy"), que fai supor unha diferenza anterior, non descrita, anulada na deriva histórica recente:

en plural, *nós*, que hoy sirve para todos los casos y que puede reemplazarse por *nosoutros, -as*, compuesto de *nos* y *outros, -as*, se deriva del nominativo *nos* (Couceiro 1935: 141).

En el plural, *nos nos* para todos los casos; usado hoy á la vez de *nosoutros-as (nos-outros)*: aún se emplea el ablativo *nosco* NOSCUM (en el *Appendix Probi* por NOBISCUM) pero es más corriente el doble compuesto *connosco* = *conosco*: junto a éstos además *con nos* (García de Diego 1909: 108).

Os menos apuntan a unha diferenza de uso entre *nós* e *nosoutros*, mais salientando só a posibilidade de moción xenérica das formas compostas. Cómpre salientar que esta é a autorizada opinión de Saco, o gramático que ten deixado máis pegadas na descrición feita polos gramáticos posteriores; nótese ademais que o catedrático ourensán advirte da maior frecuencia e normalidade das formas simples, fronte ao uso marcado das formas compostas:

De las dos clases de formas plurales *nos, vos, nosoutros, vosoutros*, las primeras *nos, vos*, idénticas a las latinas, son las que se usan de ordinario: las segundas, formadas por composición (*nos-outros, vos-outros*) se emplean principalmente cuando se quiere hacer resaltar la diferencia de género (Saco 1868: 57)<sup>2</sup>.

Consonte o seu estilo, Lugrís segue a Saco formulando a idea de xeito máis tallante e dándolle un carácter case prescriptivo; engade ademais unha información curiosa sobre as limitacións do feminino:

Os pronomes *vosoutros, vosoutras, nosoutros, nosoutras* empréganse en lugar de *vós, nós*, cando se quèr asinalar a diferenza de xénero. A forma de femenino úsase somente no nominativo (Lugrís 1931: 33).

É posible que tamén Valladares se vise influído pola doutrina de Saco neste punto, pero non chegase a formulalo con tanta clareza. Na súa exposición, primeiro dá preferencia ás formas compostas ("*Eu, nosoutros, nosoutras* son las personas que hablan"), pero máis tarde inclúe tamén *nòs* e *vòs* no paradigma, co comentario de que estas valen para ambos os xéneros, ao parecer en contraposición non explícita con *nosoutros / nosoutras* e *vosoutros / vosoutras* (1970: 41-42); non expón ningunha diferenza de significado nin motiva o tratamento diferenciado na súa presentación, que ben podería deberse a un lapsus, comprensible nun texto que o autor non acabou de dispoñer para dar ao prelo.

Así pois, hai amplo consenso e recoñecemento na nosa tradición gramatical para a consideración como formas normativas tanto de *nós* coma de *nosoutros*, pero non podemos esquecer que na altura xa Carballo advertira o carácter "común" (isto é, 'normal') só de *nós*. En efecto, comezara un proceso de secundarización de *nosoutros* na literatura lingüística ("non literaria", "dialectal", "arcaica"...), e por primeira vez déitanse sombras de sospeita sobre as formas compostas, por causa da súa similitude formal coas do castelán:

<sup>2</sup> Debe terse en conta que a gramática de Saco, aínda que se presenta como "gramática galega", ten un marcado apoio nas características das variedades meridionais que mellor coñece, que leva a algúns dos seus seguidores máis fieis a tentar superar o seu carácter "dialectal" ("Nin a meritisima «Gramática Gallega» de Saco Arce, simplemente dialectal", Lugrís 1922). Por tanto, esa maior frecuencia de *nós* e *vós* podería ser un trazo ourensán, non extensible coa mesma vixencia a todo o territorio; como veremos máis adiante, son precisamente as modalidades surorientais as que máis avanzaron na perda das formas *nosoutros*, outrora xerais a todo o territorio galegófono.

*Nosoutros* Castelanismo, arcaísmo morfolóxico. Adaptación de cast. *nosotros*, forma composta do pronomine persoal de primeira persoa plural tónico. Tamén se pode interpretar como mantimento do arcaico *nosoutros*. As formas compostas *NOSOUTROS*, *VOSOUTROS* teñen vida hoxe en falas dialectais, mais non no galego común (Álvarez Cáccamo 1979: 124).

Este é o contexto en que se produce o ditame normativo a prol de *nosoutros*, avalando a súa galeguidade e tentando garantir a súa pervivencia. Ora ben, así como as dúas variantes están ben avaladas no proceso de codificación, a distinción de significado proposta está ausente da mesma tradición de descrición gramatical; non se cimenta nela senón nos avances sobre o coñecemento da gramática da lingua falada, como máis adiante mostraremos.

### 3. A FORTUNA NA LINGUA LITERARIA

*Nós* é a variante máis frecuente na lingua escrita en todos os tempos, pero *nosoutros* nunca deixa de estar presente ao seu carón, con maior ou menor visibilidade segundo as épocas: «E porque *nosoutros* que estamos tan lexos, aquelas festiñas xamais as veremos» (1746, Sarmiento). O gráfico que segue, elaborado a partir dos datos de *TILG*, mostra esa presenza continuada, pero desigual e azarosa, na escrita moderna:




Gráfico 1. Presenza de *nosoutros/-as* e *vosoutros/-as* na escrita dos séculos XIX e XX

Os datos fornecidos polos textos das primeiras décadas do século XIX son, ao noso xuízo, especialmente significativos, porque, como é coñecido, comparten de forma xeral a vontade de mostrar un galego verosímil nun galegofalante e están menos mediatizados cós das épocas seguintes polos criterios con que se vai conformando un modelo de galego culto. Feito o baleirado das formas tónicas da P4 do volume *Papés* —que contén todos os escritos en galego entre 1797 e 1846 coñecidos en 2008—, dános unha presenza notable de formas compostas:

	NOMINATIVO	COMPLEMENTO		TOTALS
		TRAS PREPOSICIÓN	SINTAGMA COMPARATIVO	
<i>nós</i>	65 (69,89%)	52 (78,79%)	3 (50%)	120 (72,73%)
<i>nosoutros</i>	28 (30,11%)	14 (21,21%)	3 (50%)	45 (27,27%)
TOTALS	93 (100%)	66 (100%)	6 (100%)	165 (100%)

Advértense neles algunhas tendencias que se corresponden con comportamentos que comprobaremos tamén en falantes espontáneos de finais do século XX. Así, o cadro mostra o predominio absoluto de *nós*, con case as tres cuartas partes dos rexistros; pero mostra tamén como *nosoutros* aumenta a súa proporción na función de suxeito. Algúns autores presentan

unha clara especialización funcional entre as dúas variantes, con preferencia da composta como nominativo e da simple como complemento; así as diferencia quen se oculta baixo o nome de Ramón González Senra (Santiago 1812), que ademais nos ofrece unha cantidade de exemplos que deixa pouca marxe para a dúbida: de 13 rexistros, seis son de *nosoutros* (5 Sux., 1 Atr.) e 7 de *nós* (6 con prep., 1 tras nexo comparativo).

Tomemos como mostra, para facer unha cala personalizada, a lingua de Xoán Manuel Pintos, contemporáneo de Saco Arce e un dos protagonistas máis destacados na configuración do galego culto moderno, verdadeiro impulsor do Rexurdimento; como pontevedrés, pertence a unha área en que hoxe as formas compostas están practicamente desaparecidas. Pois ben, para a P4 ofrece un total de 38 rexistros<sup>3</sup>: deles, 18 corresponden ao suxeito, repartidos ao 50% entre *nós* e *nosoutros*; como termo de preposición, en cambio, o uso de *nosoutros* é moi minoritario (4, de 17), e falta no segundo termo da comparación (3, todos de *nós*).

A través da escrita é difícil establecer sen marxe de dúbida que *nosoutros* e *vosoutros* tiñan sempre, nestes autores, un significado diferente. Ora ben, nos máis dos casos, parece que deben interpretarse como contrastivas. Vexamos algúns exemplos:

Tamén vos teño a todos vós diante *párrocos dignos*, e a *vosoutros cregos*, corporación ilustre de esa vila (Pintos 1853).

Non teñades sentimento que Camiño se separe para sempre *de nosoutros* pois é gallego e esto baste (Pintos 1859).

Ca de estorbar, mi Señor!! *nosoutros* non lle falamos cousas que non se poidan oír (Alameda2 1836).

Eu ben sei que á muller ten alma, entendemento memoria voluntá é sentidos como *nosoutros* (Cacheiros 1836).

Vemos, por tanto, que nesas primeiras décadas da andadura moderna as formas compostas estaban ben arraigadas na escrita. Sen embargo, no terceiro cuartel do século XX Carballo ten a percepción de que *nosoutros* e *vosoutros* non son “comúns” e de que son “de escaso uso literario”, ou sexa, escrito. En efecto, cando se elaboran as *Normas* sábese da súa vitalidade outrora, pero xa non se ten a percepción dese vizo; os datos de *TILG* mostran que nas décadas centrais do século foron case abandonadas, cos seus mínimos históricos nas décadas dos corenta (6,8%) e dos sesenta (7,1%):

O ditame normativo —primeiro nas *Bases* (1977), logo nas *Normas* (1982)— prodúcese nese contexto de esmorecemento, que coincide cun novo pulo da escrita en galego, e non debe ser alleo á recuperación que se produce a partir desas datas.




Gráfico 2. Evolución da escolla na P4 (*nós/nosoutros*) durante o século XX. Elaborado a partir de datos do *TILG*<sup>4</sup>

<sup>3</sup> Os datos son tomados da edición da obra completa feita por M<sup>a</sup> C. Ríos Panisse (2006): *Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos Villar*. Santiago de Compostela: CCG ([http://consellodacultura.org/mediateca/files/2009/09/pintos\\_villar.pdf](http://consellodacultura.org/mediateca/files/2009/09/pintos_villar.pdf)).

<sup>4</sup> Usamos como fonte o *TILG* que se ofrece en aberto (2009). Nesa versión non está concordada a totalidade das formas *nós*, como ocorre con outras palabras gramaticais moi frecuentes, pero si todos os rexistros de *nosoutros*. Por tanto, as porcentaxes reais poden ser aínda máis desfavorables para a forma composta.

## 4. O USO NA LINGUA FALADA

Como xa foi anunciado en parágrafos precedentes, a norma apóiase sobre todo no coñecemento da gramática dialectal conseguido por volta dos anos setenta do pasado século; mais, como tamén xa se dixo, a distinción de significado normativa entre *nós* e *nosoutros* non se dá en todo o dominio do galego nin ten o mesmo grao de vixencia para os distintos grupos sociais. Esta parte da nosa contribución quere informar e deitar algo de luz sobre esta cuestión.

Na descrición que segue baseámonos en resultados de anos de investigación propia e allea sobre a lingua falada, só moi parcialmente editados. Parte deles estaban ao dispor dos redactores das *Normas*, e por iso podemos afirmar que serviron de apoio para o ditame que nos ocupa; referímonos, de forma especial, aos inventarios de morfoloxía que resultaron do traballo de campo do *Atlas Lingüístico Galego* (1974-76) e ás transcricións das súas gravacións, pois uns e outras foron a base principal da nosa tese de doutoramento sobre o pronome persoal (Álvarez 1980). Desde entón non cesamos na colleita e rexistro de datos de morfoloxía pronominal, por medio de enquisas, baleirado de gravacións, entrevistas, documentación en bibliografía édita e inédita, consultas a lingüistas e a falantes, etc., que cobren todo o territorio e se foron sistematizando nun gran arquivo; xa que logo, contamos non só coa declaración dos falantes sobre as variantes que cren que usan e que caracterizan a súa fala, senón tamén co rexistro no uso espontáneo. Esa documentación permítenos debuxar unha situación actual bastante complexa para *nós* e *nosoutros*, con varios procesos de cambio internos, que tentaremos mostrar sucintamente neste apartado<sup>5</sup>. As nosas pesquisas en morfoloxía histórica e os recursos informáticos postos ao dispor dos investigadores (singularmente a base *TMILG*), permítennos ademais facer algunhas consideracións históricas marxinais.

Cómpre ter presente que a forma composta é unha creación a partir dun sintagma de alteridade, *nós outros / nós outras* (lémbrese *este/estoutro...*), que comezou a existir xa en época medieval e ata onde sabemos non se circunscibiu a unha parte delimitada do territorio galego e portugués<sup>6</sup>; así pois, o punto de partida é a coexistencia xeral outrora da forma *nós* e da frase *nós outros* (> *nosoutros*). Este é un fenómeno románico, con matices: nunhas linguas a forma composta suplantou totalmente a primitiva (castelán *nosotros*, aragonés *nusatros*, catalán *nusaltrés*, occitano *nautre*); outras ofrecen as dúas variantes, en alternancia libre (asturiano *nós ~ nosotros*); outras, en fin, manteñen con maior ou menor vitalidade algunha diferenza, coa forma simple como non marcada (francés *nous:nous autres*, pero *nous autres* é a forma normal no quebequés; portugués *nós:nós outros*, esta cada vez máis desusada; italiano *noi:noialtri ~ noi altri*). Sen dúbida, a situación real na lingua falada neses territorios será máis complexa e máis rica en matices có que deixan ver os respectivos estándares. Así é tamén en Galicia, pois neste microcosmos atopamos dalgún xeito representadas todas as solucións románicas.


### 4.1. Dúas grandes áreas dialectais

Hai unha división básica no territorio, en dúas áreas que podemos denominar «área *nosoutros*» e «área *nós*»: nunha, a forma normal é *nosoutros*; na outra, a forma normal é *nós*

<sup>5</sup> En 1998 tomou corpo unha monografía (R. Álvarez: *O pronome persoal. Morfoloxía e variación dialectal*. Traballo orixinal de investigación, concurso de acceso ao corpo de CAT-UN), que esperamos teña forma definitiva en breve. A ela remitimos para maior amplitude de detalles.

<sup>6</sup> Non é o lugar de nos ocuparmos deste aspecto da gramática histórica. Limitarémonos a indicar que, se ben os rexistros non son abundantes, abondan para confirmar que, en liñas xerais, o significado non era igual ao das correspondentes formas simples ('nós, os outros', 'vós, os demais'); vallan como mostras: "por que digo: que se eu julgase a maçãa para Juno, diredes *vos-outras* [=Palas e Venus] que iřecebedes torto ca julgaua a.maçãa a.mjña yrmãa et a.mjña moller" (*Historia Troyana*: 50); "dizen que lles deuya o dito bachiller Gomes Rodrigues; que *nosoutros* [= todos os demandados, fronte ao outro grupo en contenda xudicial], así conmo seus herdeiros, que somos obrigados a lle dar e pagar os duzentos froliis" (Santiago de Compostela 1432; *DUSC*: 315).

(mapa nº 1). Non podemos pasar por alto que a primeira, o territorio galego en que máis e mellor triunfou *nosoutros*, é contigua dos territorios hispánicos en que prosperaron variantes equivalentes.



**Mapa 1.** Nós / nosoutros. Distribución xeográfica<sup>7</sup>

1. A «área *nosoutros*» comprende o galego mindoniense, o galego asturiano e parte do galego lucense e leonés. *Nosoutros*, usada con todas as funcións e con todos os significados, é a forma que recoñecen como propia os falantes de todos os grupos sociais, polo que funciona como risco identitario. Para unha ampla maioría dos usuarios é a única forma do sistema, e así se recolle en varias das descricións locais (vallan como exemplos *Franco*: 166, *Veiga*: 230), mesmo facendo fincapé neste trazo diferenciador respecto do “galego común” (*Castropol*: 48-49); outros autores preséntanas como maioritarias, advertindo da presenza menor de *nós*, xeralmente de significado equivalente (vid., tamén para o galego asturiano, Babarro 2003: 312-

<sup>7</sup> No mapa recóllese a existencia de calquera das dúas variantes na enquisa ou na gravación a un informante, sen ter en conta a frecuencia relativa no uso de cada un. Máis dun signo igual nun lugar implica fontes diferentes.

314; *Suarna*: 143). Non por acaso, os redactores da normativa particular do galego asturiano optaron por igualar ambas as formas (MDGA: 34-35).

De acordo cos nosos datos, na mesma área hai abundantes testemuños secundarios de *nós*<sup>8</sup>, que só un estudo pormenorizado e particular poderá identificar como pervivencia das antigas formas simples —que, non o esquezamos, foron outrora normais na lingua destas comunidades— ou como trazos innovadores. Os distintos autores non se deteñen na análise do estatus de *nós*, pero dalgún xeito aluden á tendencia que perciben, e non sempre no mesmo sentido:

Concurren para el plural de primera persona *nós* ~ *nosoutros*. En un cálculo aproximado podemos decir que están en relación de uno a tres a favor de la segunda, lo que es un claro indicio del retroceso de la forma *nós*. Aún puede, sin embargo, hacerse siempre la substitución de *nosoutros* por *nós*: *nosoutros non imos* = *nós non imos*, *nosoutros non che temos que lle facer* = *nós non che temos que...* Totalmente perdida está la concurrencia de *vós* ~ *vosoutros*, que influye sin duda en el retroceso de *nós* (*Suarna*: 143).

Nas P4 e P5 empréganse practicamente sempre *nosoutros*, *vosoutros* [...]. Nuns poucos casos rexístranse *nós*, *vós*, sempre convivindo coas anteriores [...]. Por tanto, o progreso destas formas [=nós, vós], xa observado polos autores do Atlas, é máis lento có de *ti* (*Terra Chá*: 505).

Contemplado o conxunto da área e dos seus grupos sociais, as dúas interpretacións son compatíbeis, pois *nós* parece ser protagonista de dous procesos que se dan asemade: detéctanse indicios da emerxencia de *nós* implicada nun proceso de cambio por substitución que se comeza a dar paseniñamente na área, en detrimento da forma característica desta modalidade (novas xeracións, influencia dos medios e do galego escrito, ambiente urbano e presión vilega, valoración como trazo dun modelo máis depurado...); mais, xunto a eles, hai testemuños de *nós* que inequivocamente se presentan como conservadores (falantes maiores de instalación monolingüe, diferenzas sutís, etc.).

2. A «área *nós*», moito máis ampla, ocupa o resto do territorio. Todos os falantes se recoñecen na forma *nós*, que é a usada normalmente por individuos de todas as idades; en enquisa directa, case nunca se obtén *nosoutros*, sexa porque xa non forma parte do sistema do informante, sexa porque é tan pouco visible que non lle acorda, sexa porque a oculta á mantenta<sup>9</sup>. Con todo, aínda se poden levantar testemuños de *nosoutros* en uso espontáneo, mais sempre procedentes de falantes maiores ou xa desaparecidos, de alto valor diacrónico e probatorios da vixencia que a forma composta tivo ata época recente. Non hai factores de prestixio ligados a *nosoutros*, polo que en ningún lugar se detecta a súa penetración moderna e innovadora na «área *nós*», a pesar de que entre certos grupos de falantes podería beneficiarse do seu parecido co español; este é un dos varios procesos de cambio, polos que unha forma diferencial occidental se estaba difundindo de xeito espontáneo, con anterioridade á elaboración da norma. Pódese afirmar sen reservas que os falantes novos e os de mediana idade non usan nunca *nosoutros*, e a maior parte só sabe da súa existencia a través

<sup>8</sup> *Nós* [ʰ] no centro e occidente e *nós* [o] no oriente. A presenza da variante con vogal pechada, moi conservadora, en congruencia con toda a banda do galego oriental (ALGa: II 146, 147) e co asturiano occidental reforza o carácter autóctono da variante secundaria. Tamén nos dialectos asturianos *nós* é minoritaria fronte á forma composta, a usual en todo o dominio, e recúa ante o avance desta. A variante máis conservadora recóllese sobre todo en áreas laterais: na banda oriental e, sobre todo, na do asturiano occidental (*nós*, *nosoutros*, *nosoutras*), limítrofe co galego asturiano (información de Ramón d'Andrés, director do proxecto ETLÉN, que agradezo).

<sup>9</sup> Outros autores confirman a nosa experiencia. "Os puntos en que se recolleu a forma *nosoutros* foron 006 [=Nemenzo] e 007a e 007b [=Marantes]. [...] As informantes de Conxo negaron reiteradamente que empregasen *nosoutros*; sen embargo, *nosoutros* e *vosoutros* aparecían de modo espontáneo na súa fala e ó preguntárselles pola conxugación verbal. Tamén rexistramos *nosoutros* nunha muller de San Lourenzo" (*Compostela*: 173). "*Nossoutros* senti-o en (EST sv); *vossoutros* em (sv). Estas dúas variantes ouvi-as apenas circunstancialmente. Mais tarde ao intentar verificar em cada aldeia a sua existência apareceram só *nós* e *vós*" (*Trasmiras & Cualedro*: 41-42).

do ensino<sup>10</sup>; o cambio lingüístico cara á súa desaparición semella imparabile, salvo que o éxito na implantación do estándar mude esa tendencia.

Hai espazos en que estas formas xa non se rexistran en absoluto. Isto ocorre de maneira máis notable conforme avanzamos cara ao cadrante suroriental (mapa nº 1), ao punto de que na provincia de Ourense son practicamente descoñecidas<sup>11</sup>. Para valorarmos ata que punto desapareceu *nosoutros* do sistema no centro e sur da Galicia oriental, poden ser ilustrativos algúns dos comentarios de informantes do sur de Lugo; únense aos moitos que declaran que non as coñecen e que nunca as oíron en galego:

Os vellos de antes dicían *connosco*. Tamén haberá quen diga *con nosoutros*, pero en galego é *con nós* (Palas de Rei-LU).

*Nós*, aquí sempre se dixo así. O que ti dis é case castelán (Taboada-LU).

*Nosoutros*, si..., noutros sitios. Hai moitas maneiras de falar... (Pantón-LU).

*Con nosoutros* dino os que se botan de distinguidos e de máis cultos. *Nós* dicimos *con nós* (Pantón-LU).

Xunto co proceso espontáneo que cohesiona a «área *nós*» arredor dun paradigma cunha soa forma, eliminando *nosoutros*, prodúcese outro polo que *nós* parece ampliar o seu dominio, acantoando a outra variante e desprazando a isoglota da «área *nosoutros*» en dirección nordés.

## 4.2. A cuestión da diferenza de significado

Da exposición anterior conclúese que *nós* é forma secundaria na «área *nosoutros*» e que *nosoutros* é forma secundaria na «área *nós*»; esta constatación avala e dálle todo o sentido á presenza das dúas variantes no paradigma do galego estándar. Ora ben, resta por considerar a cuestión da diferenza de significado, sobre a que non hai coincidencia, porque nos lugares en que as dúas formas coexisten pódense dar tres situacións diferentes: (1) teren significado plural diferente, no sentido recollido nas *Normas*; (2) ocuparen posicións diferentes no sistema, por se especializaren en funcións sintácticas distintas; (3) equivaleren en significado e función, polo que a distinta frecuencia de uso obedece a outros factores (o de estaren involucradas nun proceso de substitución, corpo fonético, capacidade de explicitar o xénero...).

1. A diferenza de significado proposta nas *Normas* rexístrase sobre todo na «área *nós*», e de forma máis constante na Galicia occidental (a maior parte da provincia da Coruña e o oeste e sur da de Pontevedra)<sup>12</sup>. A distinción *nós:nosoutros* aparece con bastante frecuencia de forma espontánea nas gravacións, sobre todo en persoas maiores; non é raro que esas mesmas persoas afirmen usar só e sempre *nós* e descualifiquen despectivamente *nosoutros* como “fala de

<sup>10</sup> As referencias ao carácter esporádico dos testemuños e á avanzada idade dos produtores son recorrentes nas descrições: “De todas maneras, de *nosoutros* y *vosoutros* los ejemplos que se recogen pertenecen a hablantes de máis de 40 años, lo que indica que están desapareciendo entre las generaciones jóvenes de hablantes” (*Cangas*: 189); “as formas *nosoutros/vosoutros* aparecen tamén, moi esporadicamente, en falantes de bastante idade. [...] Hai que destacar que na fala normal non é habitual escoitar estas formas, sobre todo na mocidade, que seguramente as perdeu por completo” (*Frades*: 38-39).

<sup>11</sup> Schneider recolleu *nosoutros* en Moreiras (Xinzo de Limia; 1938: 224) e Santos tamén rexistrou *nosoutros* e *vosoutros*, a primeira máis frecuente, en Cambedo, Lamas de Arcos, Travancas, Mófrega, São Vicente e Cisterna, na fronteira de Trás-os-Montes con Galicia (1967: 227).

<sup>12</sup> Anotamos, como mostra non occidental, este comentario de Babarro (2003: 315), feito coa cautela que o caracteriza: “A pesar de que os valores de ámbalas dúas formas, nas gravacións realizadas, son equivalentes a maior parte das veces, nalgún falante parece manterse a oposición *nós, vós* (inclusivos) / *nosoutros, vosoutros* (exclusivos) como se establece noutras zonas do galego onde conviven estas formas: «Os de aquí todos falamos igual. En Santiso e en Taramunde é igual. Haberaios que falan algo o castellano, porque eu vexo que se vamos a Taramunde ou eso, pois falamos todos igual, porque eles enténdennos a *nosoutros* e *nosoutros* entendémolos a eles. | Fálase todo chao, non se mira... É que nós entendémonos, ó demáis, aquí falar non se sabe.» (Abraído, Tar.)”. Fernández (1981: 115-116) rexistrou esta diferenza de significado no galego falado nos Ancares leoneses; posiblemente sexa tamén este trazo o que Muñiz chamou “valor enfático” na súa descrición do galego de Allande (*Valledor*: 273).

vellos"<sup>13</sup>. Algúns, como a informante de Merín-Vedra-CO (n. 1919) recoñece a forma *nosoutros* porque a usaba súa nai (probablemente con significado distinto ao de *nós*, coma aínda hoxe na veciña San Mamede de Ribadulla-Vedra); é dicir, os datos apuntan a que estas formas eran normais en todo o occidente no século XIX, como testemuñan as gramáticas e a literatura, e se fixeron desusadas só no prazo de dúas ou tres xeracións.

Na maior parte dos lugares da Galicia occidental en que conviven as dúas formas, os falantes —incluso moitos dos que xa só usan a forma simple— teñen aínda competencia pasiva e son plenamente conscientes da falta de equivalencia, se ben ás veces amosan dificultades para explicar en qué consiste. Se nos guiáramos pola interpretación de bastantes informantes, teríamos que concluír que *nosoutros* se especializou como ‘os da nosa casa, a miña familia’ ou ‘os do noso lugar’. Como dixemos, os puntos en que rexistramos *nós:nosoutros* concéntranse sobre todo no suroeste de Pontevedra e no centro e occidente da Coruña, mais hai pegadas que nos indican que a área de expansión foi moito máis grande e compacta ata época recente; escollemos intencionadamente como mostra algunhas explicacións de informantes lucenses:

*nós* úsase se acaso para un grupo grande e *nosoutros* para un pequeno, porque somos tres ou catro nada máis que facemos unha cousa (Alta-Lugo-LU).

*nosoutros* é máis raro ca *nós*, refírese a unha serie de individuos que facemos algo (Vilarello-Láncara-LU).

*nosoutros* son os da casa, coñecidos e moitos xuntos (O Couto-Samos-LU).

Tomando en consideración as explicacións dos falantes e o seu uso espontáneo, pódese concluír que *nosoutros*, *-as* son formas de plural marcadas, usadas de forma contrastiva para se referir a un grupo delimitado por un risco, expreso ou coñecido, que comparten os individuos que o integran:

non é que falemos *nosoutros* portugués [...] sinón qu’eles [...]. Hai moitas palabras qu’eu, que *nosoutros* pronunciamos que son idénticas cás deles (Camposancos-A Guarda-PO).

*Vosoutros* sólo érades dous irmáns, pero *nosoutros* éramos catro e tiñámolo máis difícil (Abanqueiro-Boiro-CO).

E íbamos ó chinchorro, ó aparello lle chamábase daquela, e andábase pois, pasando as calamidades de Ghesucristo, *nosoutros* daquela aquí... o único que podíamos comer era cando había un cacho de pan de millo, e unha caldeirada de patacas, porque... (Rianxo-Rianxo-CO).

—¿Aquí a que andades? —dice o contra maestre—. ¿A que andan ustedes? / —Ah, pois *nosoutros* andamos á vieira (Darbo-Cangas-PO).

Sempre uns están mellor e outros están peores. E *nosoutros* vamos tirando... (Forcadela-Tomiño-PO).

Porqu’ese ten a pesqueira pa coller lampreas; entón no-ñe interesa que *nosoutros* pesquemos cun ela (Caldelas de Tui-Tui-PO).

Na maior parte dos casos, o trazo definidor é consabido, pero pode explicitarse por medio dun sintagma en aposición:

Así que *nosoutros os pescadores*, se queremos temos... que ir a roubar, porque... (Caldelas de Tui-Tui-PO).

Está presente, por tanto, a identificación confrontativa engadida polas formas de alteridade que interveñen na composición: a delimitación realízase adoito en sentido positivo (‘nós, estes/estas [que...]’); con menor frecuencia, o grupo está delimitado negativamente, por non compartir as características dominantes ou establecidas (‘nós os outros/as outras’, ‘nós, os/as demais’). É un “plural exclusivo” na medida en que chama a atención sobre a existencia dun

<sup>13</sup> Por exemplo, o máis vello e rural dos informantes de Carballo-Carballo-CO (n. 1936) recoñece as dúas formas e o seu significado, pero di que non usa *nosoutros* porque “ese é falar de vellos”; unha das informantes de Melide-CO (n. 1943) despacha a distinción “nós / nosoutros” como cousa de “xente moi maior” e non quere nin esforzarse en explicala.

límite, e en consecuencia exclúe todos os demais individuos que están fóra del; mais, a diferenza do que ocorre noutras linguas, non se manifesta en relación coa inclusión ou exclusión do receptor, xa que *nosoutros* pode incluír ou non a 'ti' (vai de seu que *vosoutros* nunca pode incluír 'eu'). Isto non significa que, en contrapartida, *nós* e *vós* teñan carácter 'inclusivo' fronte a *nosoutros* e *vosoutros*; as formas simples son formas de plural non marcadas, e por iso extensivas, de aí que sexan "válidas en todos contextos" e deban "ser preferidas en caso de renunciar á distinción mencionada", como se advirte e recomenda nas *Normas* (RAG/ILG 2003: 91).

2. Tamén se observa unha tendencia a distribuír as dúas formas entre os contextos sintácticos en que poden aparecer as formas tónicas, preferentemente especializando *nosoutros* como nominativo e instalando *nós* como termo de frase preposicional e / ou segundo termo da comparación. Dáse, sobre todo, na Galicia nororiental, e por tanto na chamada «área *nosoutros*»; de feito, este trazo aparece recollido no texto das *Normas* particulares do galego asturiano, aínda que no cadro non se establece unha diferenza normativa entre *nosoutros* e *nós*<sup>14</sup>:

As formas características de todo el galego de Asturias (vivas tamén en muitas comarcas de Galicia) son *nosoutros* e *vosoutros*; *nós* e *vós* úsanse normalmente como formas tónicas precedidas de preposición (MDGA: 35).

Non temos datos para conxecturar acerca da antigüidade desta especialización funcional, pero si para constatar que o reaxuste está en proceso e que non hai aínda un ou máis sistemas novos plenamente asumidos comunitariamente; nalgúns casos mesmo dubidamos de se se trata realmente de trazos colectivos —de comunidades máis ou menos grandes— ou de opcións individuais. Aínda así, a pesar da disparidade de comportamentos entre uns e outros informantes, pódense traxear algunhas liñas tendenciais: (a) *nosoutros* tende a asociarse máis co nominativo, e aí resiste mellor, como forma única ou non, fronte ao pulo de *nós*; b) a instalación de *nós* no segundo termo da comparación e tras preposición non segue ritmos coincidentes, polo que se introduce unha diferenza formal pouco común en galego (cf. *para min, ca min*); c) o uso de *nós* como forma única ou preferente está máis difundido tras prep. *con* (en lugar da forma *connosco*, descoñecida neste territorio) ca tras outras preposicións. Vexamos algunhas mostras desa disparidade, tiradas de respostas obtidas en enquisa directa:

*Nosoutros* non o sabemos. Iso habemos ter que facelo *nosoutros*. Ela é máis nova *ca nosoutros* / Agardade *por nosoutros* (*nós*). Pois non quixo ir *con nosoutros* (*nós*) (O Corgo-LU).

*Nosoutros* non o sabemos. Iso habemos ter que facelo *nosoutros*. Ela é máis nova *ca nosoutros*. Agardade *por nosoutros* / Pois non quixo ir *con nós* (Outeiro de Rei-LU).

*Nosoutros* non o sabemos. Iso habemos ter que facelo *nosoutros*. Ela é máis nova *ca nosoutros* / Agardade *por nós*. Pois non quixo ir *con nós* (Pastoriza-LU).

*Nosoutros* (*nós*) non o sabemos. Iso habemos ter que facelo *nosoutros* (*nós*). Agardade *por nosoutros* (*nós*) / Pois non quixo ir *con nosoutros* ~ *nós* / Ela é máis nova *ca nós* (Baralla-LU).

*Nosoutros*~*nós* non o sabemos / Iso habemos ter que facelo *nós*. Agardade *por nós*. Ela é máis nova *ca nós*. Pois non quixo ir *con nós* (Os Vilares-Guitiriz-LU).

Os nosos datos, avalados pola enquisa directa, mostran que a especialización funcional ocorre con maior frecuencia no mindoniense oriental (dentro da «área *nosoutros*») e na zona luguesa de contacto entre as dúas áreas; en parte contribúe ao mantemento de ambas as variantes, como solución de resistencia fronte á ampliación da «área *nós*» en dirección nordés.

<sup>14</sup> Antes, no inicio do parágrafo, inclúese un fragmento de difícil interpretación, que parece conter un erro: "Na primeira e segunda persoa de plural utilízanse como formas [non] marcadas, polo tanto válidas en tódolos contextos, *nós* e *vós*". Entendemos que *nós* é forma secundaria co mesmo significado ca *nosoutros* e que as formas simples son máis frecuentes tras preposición ca noutros contextos.

Na banda de transición entre as áreas, o ascenso de *nós* na «área *nosoutros*» prodúcese seguindo pautas de comportamento semellantes, isto é, avanza preferentemente como forma oblicua. Aumenta a presenza de *nós* no nominativo e amplíase o seu abano de contextos conforme avanzamos cara ao sur, transitando da «área *nosoutros*» á «área *nós*».

3. Noutros lugares son equivalentes, tanto en significado coma en función, e ambas poden ser usadas con distinto grao de frecuencia por un mesmo falante. Non estamos en condicións de establecer que é o que determina a escolla en cada caso, pero si podemos pór de relevo algúns indicios e ofrecer algúns fíos de pesquisa.

- a) En falantes que usan de forma habitual *nosoutros*, a forma composta parece funcionar como forma «plena»; a variante con menor corpo fonético segue a unha ou máis mencións de *nosoutros* co mesmo referente:

Daquela eran catro os que comían os bistés e *nosoutros* criábamo-los puchiños, e hai que deixarlle o leite, pagarían un pouquiño máis, e eles comerían os bistés e *nosoutros* pasábamos sen leite e mais sen-nos bistés, e *nós* mantíñamo-los puchos (Narón-CO).

E eu ós meus fillos cando lles decía eso, pos ríanse... ríanse de *nosoutros*..., claro, facíalles gracia, ó cativo lomenos faille unha gracia terrible..., rise de *nós* (Guitiriz-LU).

- b) *Nosoutros*, e sobre todo *nosoutras*, responde á conveniencia de expresar o xénero, como explican estas informantes (cf. Saco 1868):

*nosoutras* cando se quere dicir que é un grupo só de mulleres; se non, *nós* (Pedrafitá-LU).

*Agardade por nós*. Se son todas mulleres pode ser *nosoutras* (Chandrexa-OU).

- c) A escolla entre *nós* e *nosoutros* responde a factores sociolingüísticos, nos máis dos casos como testemuño dun proceso de cambio xeracional, por substitución. Algúns autores de monografías dialectais sinalan este aspecto:

[en catro das parroquias estudadas] alternan as dúas posibilidades, pero cunha distribución xeracional: a xente máis vella utiliza *nosoutros* e *vosoutros* algunha vez, pero a xente máis nova xa opta claramente polas formas *nós* e *vós*, non empregando nunca as outras (Guitiriz: 77).

Esta tendencia substitutoria obsérvase con moita frecuencia nas gravacións, sempre no sentido de ampliación da visibilidade de *nós*. Podemos exemplificalo con tres testemuños diferentes, que nos orientan nesa única dirección: (1º) de todos os informantes entrevistados nas distintas parroquias de Palas de Rei-LU, os cinco que empregan *nosoutros* naceron antes de 1940 (tres deles parece que só teñen esa forma), mentres que outros coetáneos e todos os máis novos usan sempre *nós*; (2º) no texto de Pantiñobre-Arzúa-CO interveñen tres mulleres de tres xeracións da mesma familia, a avoa usa adoito *nosoutras* e nunha ocasión *nós*, a nai sempre *nosoutros* e a filla sempre *nós* (a pesar de haber varios contextos en que ten claramente valor exclusivo); (3º) a nai usa constantemente *nosoutros*, interveñen os fillos na conversa usando *nós* e acto seguido ela usa *nós*, antes de volver ao seu habitual *nosoutros* (Friol-LU).

Hai factores de prestixio, que de cando en cando asoman nas gravacións ou nas enquisas. Así, por exemplo, en Cariño-CO asegúranos que as formas compostas son únicas nos falantes vellos e que tamén dominan nos máis novos en círculos familiares (na casa, cos amigos...), pero que estes «melloran» o seu galego empregando *nós* noutras situacións comunicativas (p. ex., con alleos). Outros apoian o seu uso de *nós* manifestando desapego cara ás formas compostas, con comentarios do tipo “é que *vosoutros* é máis fino” (Piñor-OU) e “só as usa a xente que quere destacar de máis distinguida ou culta” (Pantón-LU), ou dicindo que son propias de “xente de máis da montaña, máis aisladas” (Muíños-OU).

### 4.3. A distinción de xénero

As formas compostas teñen marcas formais de xénero (*nosoutros* / *nosoutras*), trazo que pode verse como un beneficio fronte ao sincretismo de *nós*. Así o recoñeceron Saco e outros (vid. supra), que orientan o uso cara a *nosoutras* e *nosoutros* cando se queira facer explícito ese risco.

Na fala espontánea é frecuente que esa oposición de xénero se suspenda a favor da forma masculina, como termo non marcado da oposición, polo que non é raro topar con informantes (tamén mulleres) que mostren estrañeza ante a variante *nosoutras*. Algúns estudos locais recollen este trazo gramatical; o comportamento está tan asumido que se chega a identificar cunha característica do galego fronte ao español:

A opción de usa-lo termo masculino é a preferida adoito polas usuarias, o que fai que a forma feminina teña un uso cada vez máis escaso, tanto onde coexiste con *nós* coma onde se presentan *nosoutros* / *nosoutras* en solitario (*Terra Chá*: 505-506).

As formas compostas *nosoutros* e *vosoutros* empréganse na forma masculina para os dous xéneros. Esta tendencia, xeral dentro do galego, opón o sistema deste ó do castelán, que presenta a forma feminina, *nosotras*" (*Begonte*: 42).

Este uso sincrético existe como posibilidade en toda a «área *nosoutros*», a que dá maior número de ocasións para comprobar a suspensión da marca de xénero; non podemos asegurar a mesma constancia dentro da «área *nós*», pois carecemos de mostras espontáneas abundas en que comprobalo. Os e as informantes que en enquisa directa din que a forma é descoñecida ou desusada concéntranse especialmente na metade occidental da área mindoniense e no bordo suroccidental da «área *nosoutros*». Na selección de exemplos espontáneos que segue, móstrase que o uso de *nosoutros* non é incompatible coa presenza de formas cohesivas que porten marcas de xénero feminino:

Era cando nos xuntábamnos os mozos e as mozas e íbamos así ás festas de cerca, e eles levaban o viño, *nosoutros* levábamnos as roscas, as rosquillas e esas cousas (Friol-LU).

–Ai condenadas, que... que... *pillas* sodes, que *traidoras*, que *vosoutros* non empezastes, pero empezastes por *nosoutros* (Begonte-LU) [*nosoutros* é o grupo dos homes].

E estaba arrimado desta maneira a..., o..., ó abedugo, e arrimado quedou, e *nosoutros* marchamos co carro, e... así fomos, non nos dixo nada. *Nosoutros* fomos *entranquillas* e en gracia de Dios (Vilalba-LU).

e non éramos *nosoutros solas*, que era todo o mundo (Narón-CO).

E *nosoutros todas* estábamos alí, e vimos a sombra dun home, aí, botamos a correr pensando que era a garda civil [...], *nosoutros* botamos a correr que non había por onde collemos [...] e entónces, *nosoutros*, noo conocemos e el senteuno que estábamos xogando ó corro e alí cantando e ríndonos *todas... pícaras* e, veu por alí, pero *nosoutros* nada, como noo conocíamos botamos a correr (Viveiro-LU).

Naturalmente, coa mesma espontaneidade, pero menor frecuencia, pode recollerse a variante con marcas de xénero feminino:

e [as meigas] tiñan un animal desos que lle chaman o sapo, preso cun cordón por unha perna [...] e decían «salta saparranchón, pra eles si e pra..., e *pra nosoutras* non» (Castro de Rei-LU).

*Vosoutras* as mulleres cansaisvos axiña (Becerreá-LU).

Naide nel pueblo la viu más que *nusoutras*; ¡que cousa más rara! (Villallón-AS).

Por iso resulta sorprendente que non só Saco —que podería responder a un trazo observable nunha contorna reducida—, senón os seus seguidores tomasen este trazo como o fundamental para motivar a escolla entre *nós* e *nosoutros*, toda vez que o uso xeneralizado leva a

unha forma igualmente sincrética, *nosoutros*. Contra esa tendencia van as *Normas*, ao recoñer sen excepción a moción xenérica: *nosoutros / nosoutras, vosoutros / vosoutras* (RAG/ILG 2003: 89).

## 5. CONCLUSIÓN

Contrastando estes datos e esta descrición cos principios que guían a elaboración do galego estándar (RAG/ILG 2003: 11-12), podemos concluír que a escolla *nós / nosoutros, -as e vós / vosoutras, -as* está amplamente motivada. En primeiro lugar, porque é “continuadora da lingua falada” e se estea “sobre bases seguras e vivas”, ben enraizadas na gramática da lingua tradicional, tanto no que atinxe á escolla das dúas variantes coma á distinción entre elas. Ben é certo que para uns grupos de falantes esa diferenza contrastiva xa non viña sendo funcional e para outros a parella fora perdendo un dos membros (en beneficio de *nós* os máis, no de *nosoutros/-as* nunha área dialectal ben definida); mais tamén o é que amplos sectores de falantes, que non practican a distinción, teñen aínda competencia pasiva e, por iso, poden recuperala. Xustamente ese é o obxectivo e beneficio da elaboración da norma cos criterios mencionados, cun ditame que procura ser abrangente do maior número posible de falantes e de variedades dialectais, a favor de características que uns poden reactivar, outros recuperar e outros, con pouca distancia, incorporar. Cómpre ter en conta, ademais, un factor que ás veces se esquece e non é de importancia menor: hai aspectos en que as *Normas* son tallantes e só dan unha opción (p. ex., no plural *canción/cancións* ou no nominativo *tí*); noutros dáse máis dunha opción (p. ex., *tendes* e *tedes*); noutros, en fin, dáse unha oportunidade, ofrecendo formas que o falante non está obrigado a usar (variación persoal do infinitivo, futuro de subxuntivo, etc.). Pois ben, as *Normas* din explicitamente que o usuario non está obrigado a incorporar esa opción contrastiva, sancionando así tamén o uso regular de *nós*, unha práctica moi difundida entre os falantes espontáneos (RAG/ILG 2003: 89-90).

A escolla *nós / nosoutros, -as e vós / vosoutras / -as* segue “as boas tradicións da lingua antiga” e dálle prioridade a un trazo que está vivo en falantes monolingües conservadores e que viña sendo habitual para o conxunto da comunidade ata época bastante recente; un trazo, ademais, ben avalado no uso polos nosos escritores ata o primeiro cuartel do século XX. O ditame normativo debe contribuír a afastar os prexuízos e o desprestixio que con frecuencia acompañan as formas máis tradicionais, e de feito non debeu ser alleo á recuperación na escrita que se advirte nas últimas décadas. É ademais unha escolla harmónica coas outras linguas romances que non eliminaron un dos membros da parella (coma, con distintos graos de vitalidade, portugués, francés e italiano).

Nas décadas finais do século XX, coincidindo de xeito imperfecto co ditame normativo, estábanse dando asemade varios procesos de cambio: (a) o abandono de *nosoutros* e *vosoutros* na escrita, acompañado dunha certa desconfianza dos círculos máis ideoloxizados por causa do seu parecido co español; (b) o abandono espontáneo da distinción *nós:nosoutros* na «área *nós*», coa extensión da forma simple como máis prestixiada; (c) a ampliación da «área *nós*» en detrimento da «área *nosoutros*»; (d) procesos de cambio internos na «área *nosoutros*», protagonizados por grupos de falantes diferentes —cunha forte compoñente xeracional—, que conducen a unha reorganización do sistema reasignando lugar aos dous membros ou eliminado un deles. Estes e outros procesos de cambio seguirán dándose, con ritmos e resultados impredecibles; o ditame normativo debería servir para, cando menos, frear a perda dunha característica do galego tradicional por causa dun purismo mal entendido ou dos factores de desprestixio que tantas veces acompañan o galego máis conservador.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALGa = García, Constantino et alii (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Barrié / ILG.
- Álvarez Blanco, Rosario (1980): *O pronome persoal galego*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Álvarez Cáccamo, Xosé María (1979): *Galego cero*. Vigo: Castrelos.
- Babarro González, Xoán (2003 [1993]): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. A Coruña: Fundación Barrié / ILG.
- Bases = *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*. Madrid: Anaya, 1977 [reed. Santiago de Compostela: USC, 1980].
- Begonte = Graña Núñez, Xosé (1983): *Contribución ó estudio da dialectoloxía galega: Begonte (Lugo)*. Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- Cangas = González González, Margarita (2003): *El gallego hablado de Cangas de Morrazo*. Tese de doutoramento. Universidad de Oviedo.
- Carballo Calero, Ricardo (1966): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia [7ª ed., 1979].
- Castropol = Meilán García, Antonio (1980): *Arcaísmo y conservadurismo lingüístico en el concejo de Castropol*. Tese de licenciatura. Universidad de Oviedo.
- Compostela = Dubert García, Francisco (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: USC.
- Couceiro Freijomil, Antonio (1935): *El idioma gallego: historia, gramática, literatura*. Barcelona: A. Martín.
- Fernández González, José Ramón (1981): *El habla de Ancares (León). Estudio Fonético, Morfosintáctico y Léxico*. Oviedo: Universidad.
- Frades = Gómez Sanjurjo, María Jesús (1997): *Contribución ó estudio do galego do concello de Frades*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.
- Franco = García García, José (1983): *El habla de El Franco (una variante lingüística del Occidente de Asturias)*. Mieres del Camino: Instituto "Bernaldo de Quirós".
- García de Diego, Vicente (1906): *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*. Burgos: Imprenta y librería Hijos de Santiago Rodríguez, 1909.
- Guitiriz = López Fernández, Sonia (1999): *A fala do concello de Guitiriz*. TAD. Universidade de Santiago de Compostela.
- Lugrís Freire, Manuel (1931): *Gramática do idioma galego*. A Coruña: Imprenta Moret [1ª ed., 1922: A Coruña: Imprenta de Zincke Hermanos].
- MDGA = Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca (1990): *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*. Eilao.
- Mirás, Francisco (1864): *Compéndio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La Creación y Redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*. Santiago: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás.
- Papés = Mariño Paz, Ramón / X. R. Barreiro Fernández / Rosa Aneiros Díaz (eds.) (2008): *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Santiago de Compostela: CCG ([http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/09/papes\\_demprenta.pdf](http://consellodacultura.org/mediateca/files/2008/09/papes_demprenta.pdf)).
- RAG/ILG = Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2003 [1982]): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG/ILG.

- Saco y Arce, Juan Antonio (1868): *Gramática Galega*. Lugo: Imp. de Soto y Freire.
- Santos, Maria José de Moura (1967): *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*. Separata da RPF. Coimbra: Universidade.
- Schneider, Hans-Karl (1938): "Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense - Spanien)", *VKR* 11, 69-145, 193-281.
- Suarna* = Santamarina Fernández, Antón (1973): *El habla de Suarna*. Tese de doutoramento. Univ. de Santiago.
- Terra Chá* = Regueira Fernández, Xosé Luís (1989): *A fala do norte da Terra Cha. Estudio descriptivo*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- TILG* = Santamarina [Fernández], Antón (dir.): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (<http://www.ti.usc.es/tilg/>).
- TMILG* = Varela Barreiro, Xavier (dir.): *Tesouro medieval informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (<http://www.ti.usc.es/tmilg/>).
- Valladares Núñez, Marcial (1970 [1892]): *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia.
- Valledor* = Muñiz, Celso (1976): *El habla del Valledor. Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias-España)*. Amsterdam: Akademische Pers.
- Veiga* = Fernández Vior, José Antonio (1997): *El habla de Vegadeo (A Veiga y su concejo)*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.